



Nikola Madzirov naceu en 1973 na cidade de Strumica, na actual República de Macedonia, como descendente de refuxiados durante as Guerras Balcánicas de principios do século pasado.

É poeta, ensaísta e tradutor. A súa poesía está hoxe traducida a unha trintena de idiomas e publícase en seleccións e antoloxías de Macedonia e do exterior. Pero os seus comezos apuntan ao ano 1999, cando a súa ópera prima -*Заклучени во градот [Encerrados na cidade]* (1999)- foi galardoado coma o mellor libro debutante de Macedonia (Premio Asemblea Estudiantil). No mesmo ano publícase *Некаде никаде [Nalgueres ningures]*, que se fai co Premio Aco Karamanov. O seu libro máis recente, *Преместен камен [Pedra trasladada]* (2007), valeulle o Premio Hubert Burda para a poesía de Europa do Leste (sendo membros do xurado Peter Handke ou Michael Krüger), así coma o Premio Irmáns Miladinov, o máis prestixioso de Macedonia en poesía. A esta bibliografía hai que sumar libros seus, en tradución, aparecidos en Croacia, Reino Unido, EEUU, Alemania, Bulgaria ou Albania, unha lista de renome á que agora se suma o seu primeiro poemario traducido ao castelán, *Lo que dijimos nos persigue*, acabado de saír no prestixioso selo de Pre-Textos para España e Latinoamérica.

Foi redactor de poesía na revista literaria e cultural Blesok, e un dos coordinadores da rede poética Lyrikline. O afamado compositor norteamericano de jazz Oliver Lake, colaborador de Björk e Lou Reed, compuxo música coa letra dos seus poemas. Ademais, ten recibido numerosas bolsas internacionais como escritor en residencia, caso da IWP da Universidade de Iowa, *Tandem Project* en Berlín, *KulturKontakt* en Viena ou *Villa Waldberta* en Múnic.

**CANDO ALGUÉN MARCHA
TODO O QUE FIXEMOS REGRESA**

*Pola aperta da esquina has entender
que alguén marcha para algures. É sempre así.
Vivo entre dúas verdades,
coma unha luz de neon que tremeloce
nun baleiro corredor. No meu corazón colle
cada vez máis xente que xa non está.
É sempre así. Empregamos unha cuarta parte
da nosa vixilia en pestanexar.
Esquecemos as cousas aínda antes de perdelas:
o caderno de caligrafía, por exemplo.
Nada é novo. O asento
no autobús está quente cada vez.
As últimas palabras pasan de uns a outros
coma caldeiros oblicuos nun incendio estival.
Mañá ocorrerá de novo:
a cara, antes de desaparecer da foto,
perderá primeiro as engurras. Cando alguén marcha
todo o que fixemos regresa.*



(NIKOLA
MADZIROV)

Luns 6 de maio
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS
DI(N)VERSOS



Olalla Cocña



Nada en 1979, **Olalla Cociña Lozano** é natural de Viveiro, aínda que vive actualmente en Compostela. Dende alí e xunta Branca Novoneyra, coorganiza o ciclo de lecturas poéticas Picaversos (www.picaversos.wordpress.com), unha iniciativa que comezou en outubro de 2011.

No ano 2000 obtivo o premio de poesía "O Facho" outorgado pola asociación coruñesa do mesmo nome e, catro anos despois, o segundo premio na XVIII edición do certame literario da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà. Publicou os libros *As cervicais da memoria* (Premio de Poesía Avelina Valladares 2004), *Aquí (intemperies)* (2006) e *Libro de Alicia*, (Premio Fiz Vergara Vilariño 2008), ademais da plaquette *Acenos / Gestos* (proxecto *Carmina in minima re*). Participou en antoloxías e publicacións colectivas como *Das sonoras cordas. 15 poetas desde Galicia* (2005), *Poetas con Rosalía* (2006), *Volverlles a palabra* (2006), *Letras novas* (2008), *Sentimentalismo. Antoloxía de referencia. Etapa de implantación* (2012), entre outras, ademais de intervir en numerosos recitais e encontros poéticos e colaborar en diversos periódicos e revistas.

Tamén é súa a autoría dos blogs www.reveladora.blogspot.com e www.acordome.blogspot.com, e proximamente verá a luz o seu novo poemario, *Ningún precipicio*.

*moléstache a música
desconcéntrate a luz cenital
e canda ela o obrigatorio desaloxo do que non é continxente
daquela, diversas probas de vida ata a metamorfose
ata o animal máis cativo, o máis ruín*

*por exemplo: a avelaiña do quinqué
abre o peso da sombra
a unha branca cegueira e tolea
adventicia
nun escenario sempre incómodo e mellor
mellor non saber nada da intensidade*

*está esa urxencia que che marca os adentros
tes só esta noite
para vivirte*

←
(**OLALLA
COCIÑA**)

Luns 6 de maio
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS

Nikola Madzirov

